



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Modificación da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa pola participación en talleres culturais, escolas, actividades deportivas e recreativas e utilización de instalacións deportivas municipais. Expte. 2026/G016/000003

Esta Alcaldía, conforme aos principios de boa regulación (necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia) previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, considera necesario que se proceda á modificación da ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas municipais, no exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que corresponde ás entidades locais en virtude do disposto na normativa vixente, en concreto, no artigo 128 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, co obxectivo de actualizar o IPC e eliminar a diferenza cuantitativa para persoas empadroadas e non empadroadas, a fin de seguir a doutrina fixada polo Tribunal Supremo na sentenza do 20 de xullo de 2023.

Consta proxecto de modificación da ordenanza fiscal nº 9 emitida pola Alcaldía en data 17/09/2026.

Visto que foi emitido informe pola Secretaría en data 17/09/2026 referente ao procedemento a seguir e á Lexislación aplicable.

Consta informe de intervención emitido o 17/09/2026, en sentido favorable.

En virtude do que dispón o artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local -LRBRL-, o órgano competente para a aprobación da imposición de tributos ou modificación das ordenanzas fiscais é o pleno do concello, sendo necesario que o acordo se adopte por maioría simple dos membros presentes, de conformidade co artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Tendo en conta a tramitación para a imposición de tributos ou modificación das Ordenanzas Fiscais prevista nos artigos 16 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRFL-, elévase ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 3º da Ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas municipais, coa redacción que a continuación se recolle:

Artigo 3.º.-Contía.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas nas liñas seguintes, para cada un dos distintos servizos ou actividades.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

1.- Actividades culturais municipais:

Actividade cultural	Duración	Contía
Actividades culturais regulares	Mensual	7.90 €/mes

(*) O alumnado terá que achegar o material de algúns cursos, que será especificado no momento de efectuar a inscrición.

Estas tarifas serán para o período 2026-2027, sendo actualizadas cada ano en función do incremento do IPC

2.- Actividades deportivas municipais.

Actividade deportiva	Duración	Contía
Actividades deportivas regulares	Mensual	7.90€/mes

O alumnado terá que achegar o material en algunha das actividades deportivas, que será especificado no momento de efectuar a inscrición.

Estas tarifas serán para o período 2026-2027, sendo actualizadas cada ano en función do incremento do IPC

3.-Actividades lúdicas e recreativas.

Desenvólvense durante o descanso do curso escolar (Nadal, verán, Semana Santa...) e/o en fines de semana previamente programados. A actividade pode comprender itinerarios lúdicos, recreativos, culturais ou de natureza, así como a realización de rutas, viaxes, excursións, actividades análogas ou similares ás descritas, ou programas específicos previamente definidos e aprobados pola Corporación.

Actividade	Contía
Actividade recreativa 1/2 día mozos/as	4.00
Actividade recreativa 1 día mozos/as	7.90
Actividade recreativa 1 hora mozos/as	1.00
Actividade recreativa 1/2 día adultos	4.00
Actividade recreativa 1 día adultos	7.90
Actividade recreativa 1 hora adultos	1.60
Acampada 1 día sen desprazamento (*)	11.90
Acampada 1 día con desprazamento (*)	15.80

No desenvolvemento das actividades sinaladas con (*), os participantes terán que levar os seus obxectos persoais, e o importe das mesmas pode verse incrementado en función do número de días, sempre de maneira proporcional ao tempo transcorrido.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Estas tarifas serán para o período 2026-2027, sendo actualizadas cada ano en función do incremento do IPC

4.-Utilización de instalacións deportivas municipais.

4.1.-Polideportivo municipal de Cortella.

Servizo	Contía
Aluguer 1 hora con luz	13.15
Espectáculo deportivo (1 día completo)	118.50
Espectáculo artístico, recreativo ou similar (1 día completo)	118.50

4.2.-Campo de fútbol da Cortella.

Actividade (2 horas)	Equipos de Coirós (€)	Equipos de fóra (€)	Entid. con convenio (€)
Fútbol 11 (con luz)	197.50	263.20	158
Fútbol 11 (sen luz)	158	197.50	118.50
Fútbol 7 (con luz)	158	223.70	131.60
Fútbol 7 (sen luz)	118.50	158	92

4.3.- Campo de fútbol de Santiago de Ois

Modalidade	Entidades e clubs deportivos
Uso do campo por partido	75,00 €

O Excmo. Concello poderá establecer concertos especiais por un período de tempo determinado con entidades e asociacións, sempre que o número global de horas neste período sexa suficientemente significativo para xustificar tal convenio.

Estas tarifas serán para o período 2026-2027, sendo actualizadas cada ano en función do incremento do IPC, como nos apartados anteriores.

Aquelas familias nas que ningún dos seus membros se encontre en situación de emprego e que ningún dos seus membros cobre polo concepto do subsidio de desemprego ou o importe da prestación sexa inferior a 600 €, todos os seus membros estarán exentos do pago de cotas por os conceptos establecidos nos apartados 1, 2 e 3 deste artigo."

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica municipal.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Coirós, a xoves 17 de setembro de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo